



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Atención de enfermaría nas emerxencias e catástrofes

Materia	Atención de enfermaría nas emerxencias e catástrofes			
Código	O51G140V01413			
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermaría (Ourense)			
Coordinador/a	Calviño López, Daniel			
Profesorado	Calviño López, Daniel Vale Iglesias, Maria Florentina			
Correo-e	danilerio77@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	<p>A profesión enfermeira, a través da historia, caracterizouse pola súa capacidade para responder os cambios que a sociedade foi experimentando e consecuentemente, ás necesidades de coidados que a poboación e o sistema sanitario demandan día a día. A enfermaría de urxencias e emerxencias atópase na actualidade nun alto nivel de relevancia social debido principalmente a 2 causas: as patoloxías cardiovasculares e os accidentes, ambas converteronse nas causas principais de morte e invalidez; a atención que se presta a estas patoloxías quedan encadradas no ámbito dos coidados de urxencias e emerxencias. A pronta intervención ante estes problemas, demostraron a diminución no número de falecementos e lesións invalidantes. Polo tanto, a formación da enfermaría neste ámbito, é o primeiro paso para o desenvolvemento de profesionais cualificados, para así prestar coidados de calidade ás persoas que necesiten este tipo de atención ante situacións de urxencia e emerxencia.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermería, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional adecuada as necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenrolo dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais y deontolóxicas aplicables.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermería
B5	Diseñar sistemas de cuidados dirixidos as persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade
B13	Aplicar os principios de financiación sanitaria e sociosanitaria e utilizar adecuadamente os recursos dispoñibles
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais
B17	Realizar coidados de enfermería baseándose na atención integral da saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial
C2	Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos coidados de enfermaría.
C3	Coñecer os diferentes grupos de fármacos, os principios da súa autorización, uso e indicación, e os mecanismos de acción dos mesmos.
C4	Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo.
C13	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.

C17	Aplicar o proceso de enfermaría para proporcionar e garantir o benestar, a calidade e seguridade, as persoas atendidas.
C24	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C48	Coñecer a lexislación aplicable e o código Ético e Deontolóxico da enfermaría española, inspirado no código Europeo de Ética e Deontoloxía de Enfermería.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D7	Razoamento crítico

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de emprender valoracións exhaustivas e sistemáticas, empregando as ferramentas e marcos axeitados para o paciente, tendo en conta os factores físicos, sociais, culturais, psicolóxicos, espirituais e ambientais relevantes.	A1 A3	B1 B3 B5 B10 B13 B15 B17	C2 C3 C4 C13 C17 C24 C29 C30 C48	D1 D2 D4 D5 D7
Ser capaz de facer valer os xuízos clínicos para asegurar que se alcanzan os estándares de calidade e que a práctica está baseada na evidencia.		B1 B3 B5 B10 B13 B15 B17	C2 C3 C4 C13 C17 C24 C29 C30 C48	
Ser capaz de por en práctica principios de saúde e seguridade, incluídos a mobilización e manexo do paciente, control de infeccións, primeiros auxilios básicos e procedementos de emerxencia (empregando as habilidades ...).		B1 B3 B5 B10 B13 B15 B17	C2 C3 C4 C13 C17 C24 C29 C30	
Coñecer de forma relevante e ser capaz de aplicar resolución de problemas e toma de decisións.	A1 A3	B3	C17 C30	D1 D4 D7
Ser capaz de usar adecuadamente as habilidades de consello (técnicas de comunicación para promover o benestar do paciente).			C2 C3 C4 C13 C17 C24 C29 C30 C48	

### Contidos

Tema	
Definición e tipos de catástrofes.	Aéreas, terrestres, marítimas, químicas...
Impacto medioambiental, social, sanitario e económico das catástrofes.	Seminario atención a incidente con risco NBQ e EPIS. Repercusións na sociedade motivado polas catástrofes.
Organización e planificación sanitaria en relación á atención das emerxencias nas catástrofes.	Evacuación de pacientes según a patoloxía e gravidade. Medios necesarios.

Mecanismos de prevención de catástrofes e actuación de emerxencia no contexto internacional.	Métodos de aillamento e control de infeccións en evacuacións de pacientes.
Recursos humanos e materiais necesarios.	Necesidades básicas segundo tipo de emerxencia.
Actuación do persoal nas emerxencias derivadas das catástrofes.	Funcións específicas do profesional de enfermería. Triaxe.
Primeiros auxilios.	Seminario incidente múltiples vítimas. Actuación de enfermería en urxencias e emerxencias obstétricas. Seminario: papel de enfermería ante unha hemorraxía vaxinal.  Actuación de enfermería en urxencias e emerxencias xinecolóxicas. Seminario: atención de urxencia ó parto extramuros.  Actuación de enfermería en urxencias e emerxencias pediátricas. Seminario: papel da enfermeira na UCI pediátrica.  Actuación de enfermería en urxencias e emerxencias psicosociais. Seminario: que non facer ante un paciente agresivo ou con crise de ansiedade. Seminario: papel de enfermería nas emerxencias sociais.  Actuación de enfermería en situacións de risco vital. Seminario: soporte vital básico e DESA. Seminario: manexo da vía aérea, obstrucción vía aérea no adulto e pediatría.  Actuación de enfermería nos procesos de maior incidencia e prevalencia na atención de urxencias. Seminario: avaliación sistemática do trazado electrocardiográfico.  Actuación de enfermería en urxencias e emerxencias músculo-esqueléticas Seminario: atención inicial o politraumatizado.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	50	80
Seminario	24	29	53
Exame de preguntas obxectivas	2	15	17

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións expositivas As clases teóricas serán de tipo participativo para favorecer a discusión e a comprensión do tema tratado. Exporanse contidos da materia empregando programas de presentacións. Farase lectura de documentos científicos de interese e/oucasos clínicos.
Seminario	Realización de casos prácticos na aula para reforzar a teoría.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Solución de forma individualizada das dúbidas, inqedanzas e cuestións do alumnado en relación á materia impartida durante todo o cuatrimestre.

## Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---

Seminario	A avaliación desta parte contará con dous apartados, que serán equivalentes ó 40% do total da materia.	40	A1 A3	B1 B3 B5 B10 B15	C2 C3 C4 C13 C17 C29 C30 C48	D1 D2 D4 D5 D7
	1. Avaliación continuada: Farase ó longo do cuatrimestre, observando o nivel de participación, habilidades e destrezas naqueles temas que serán impartidos nos seminarios. A puntuación para ser apto será de 5 ou mais puntos sobre 10, e esta avaliación será o 20% da puntuación total da materia					
	2. Examen de preguntas obxectivas: Será unha proba de preguntas tipo test, con varias opcións de resposta, sendo só unha delas válida en relación á materia impartida nos seminarios. A fórmula para obter puntuación será A-E (acertos-erros), as preguntas en branco non restan. A puntuación para ser apto será de 5 ou mais puntos sobre 10, e esta avaliación será o 20% da puntuación total da materia. Dito examen será na data marcada no calendario oficial académico.					
	É necesario superar estas dúas probas para poder superar a parte de seminarios e así poder superar tamén o total da materia.					
	Asistencia obrigatoria ós seminarios ó menos o 90% do total das horas asignadas. Si o alumnado non ten a asistencia mínima, a avaliación realizarase como alumnado con ausencias nos seminarios.					
Exame de preguntas obxectivas	Avaliarase a materia de contido teórico impartida en todo o cuatrimestre.  Consta da realización dunha proba obxectiva con preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta, sendo só unha delas válida. A fórmula para obter puntuación será A-E (acertos-erros), as preguntas en branco non restan A puntuación para ser apto será de 5.0 sobre 10  Dito exame será na aula e data marcada no calendario oficial académico. Esta avaliación corresponderá ó 60% da puntuación total da materia	60	A1 A3	B1 B3 B5 B10 B13 B15 B17	C2 C3 C17 C24 C29 C30 C48	D1 D2 D4 D5 D7

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### Avaliación no caso de ausencias aos seminarios:

O alumnado neste caso, aparte do exame de preguntas obxectivas no cal se ten en conta o 60% da puntuación total da materia, terán que facer outro tipo de avaliación sobre os temas impartidos nos seminarios.

Exame de preguntas obxectivas e curtas: Será unha proba de preguntas tipo test, con varias opcións de escolla sendo só unha delas válida, e algunha pregunta curta de desenvolvemento e coñecementos adquiridos, en relación a materia impartida nos seminarios. A fórmula para obter puntuación será A-E (acertos-erros), as preguntas en branco non restan para as tipo test, e para as preguntas curtas utilizarase a fórmula de coñecemento total ou parcial para a puntuación. A puntuación para ser apto será de 5 ou mais puntos sobre 10 e esta avaliación será o 40% da puntuación total da materia.

Dito exame será na aula e data marcada no calendario oficial académico.

Nesta modalidade será necesario, igual que na modalidade presencial, superar tanto a parte de seminarios (exame preguntas obxectivas tipo test e curtas) como a parte teórica (exame preguntas obxectivas tipo test) para poder superar a materia.

**Segunda edición ordinaria: Os criterios indicados na primeira edición ordinaria, serán os mesmos que se utilizarán na segunda edición ordinaria.**

**O exame será na aula e data marcada no calendario oficial académico.**

**Convocatoria fin de Carreira: Os criterios indicados na primeira edición ordinaria, serán os mesmos que se utilizarán na convocatoria fin de carreira.**

**O exame será na aula e data marcada no calendario oficial académico.**

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Álvarez Leiva, C. y otros, **Manual de Asistencia Sanitaria en las Catástrofes**, 1ª, aran, 1994  
Álvarez Leiva, Carlos., **Manual de Atención a Múltiples Víctimas y Catastrofes**, 3ª, arán, 2008  
Domingo Muñoz, A., **Asistencia a múltiples víctimas. Catastrofes.**, 1ª, Editorial MAD, 2006

---

#### **Bibliografía Complementaria**

Abrisqueta García J., Juárez Torralba J., Pérez Viguera J., Martínez Frutos M., **Manejo, movilización y transporte de víctimas**, 1ª, aran, 2001  
Fernández Ayuso D., Aparicio Santos J. Pérez Olmo JL, Serrano Moraza A., **Manual de enfermería en emergencias prehospitalarias y rescate**, 2ª, aran, 2008  
Canabal Berlanga, A., **Manual de Soporte Vital Avanzado en Trauma. SEMMICYUC.**, 2ª, elsevier, 2008  
Jiménez Murillo I., **Medicina de urgencias y emergencias.**, 6ª, elsevier, 2018  
Morillo J., **Manual de Enfermería de asistencia prehospitalaria urgente.**, 1ª, elsevier, 2007  
Rodríguez Soler, Alberto J., **Manual de triage prehospitalario.**, 1ª, elsevier, 2008  
Santiago Nogué, Albert Antolín y otros., **Urgencia por sobredosis de drogas de abuso.**, 1ª, 2008  
Márquez Hernandez, V. V. y otros., **Soporte vital básico.**, 1ª, Editorial Universidad de Almería., 2016  
Marco Aguilar, P. y otros., **Guía para la administración de fármacos en urgencias.**, 2003  
Martinez Pastor, A. y Estévez García, A., **Triaje Manchester.**

---

#### **Recomendaciones**

##### **Materias que continúan o temario**

Prácticas clínicas V/O51G140V01406

##### **Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

Prácticas clínicas IV/O51G140V01405

##### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107  
Enfermaría clínica I/O51G140V01204  
Enfermaría clínica II/O51G140V01205  
Farmacología e dietética/O51G140V01203  
Introducción á enfermaría clínica/O51G140V01201  
Prácticas clínicas I/O51G140V01208  
Enfermaría clínica III/O51G140V01301  
Enfermaría en saúde mental/O51G140V01305  
Enfermaría materno-infantil/O51G140V01302  
Prácticas clínicas II/O51G140V01303  
Prácticas clínicas III/O51G140V01306

#### **Outros comentarios**

Utilizarase a plataforma Moovi para comunicación con os estudantes

Para concertar titorías co profesorado os correos electrónicos son os seguintes:

maria.florentina.vale.iglesias@sergas.es  
daniel.calvino.lopez@sergas.es